



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

relativa á realización do proxecto "BRINCADEIRA 2016", a desenvolver de xaneiro a decembro de 2016. A través deste proxecto trátase de dar continuidade ao programa de conciliación iniciado polo voluntariado local, XOGOVOL, que xa se consolidou, baixo a fórmula de "ludoteca- educateca itinerante". No ano 2015 douse o paso de profesionalizar a actividade incrementando o horario e o número de días para dar un servizo máis completo, que era unha das demandas das nais e dos pais. Agora tendo presente a boa acollida preténdese darlle continuidade. BRINCADEIRA 2016 rotará por diversos locais sociais do Concello, para facilitar o acceso a tódolos nenos/as á actividade, para iso contéplase a súa realización de xeito descentralizado. Dita proposta vai acompañada das propostas e orzamentos solicitados a entidades con experiencia neste tipo de actividades, concluíndose que a proposta de Arenaria Coordinación S.L. é a máis axeitada atendendo á calidade do proxecto presentado, e en especial ao feito de que priorice a coeducación e a transversalidade de xénero, así como as innovacións que propón en relación coas actividades nas que aproveitará os recursos do contorno poñéndoos en valor, así como polo orzamento que é o máis baixo dos tres presentados.

Fundamentos de dereito.

Único: Ao abeiro do disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a realización do proxecto "BRINCADEIRA 2016", sendo executado por Arenaria Coordinación S.L e aprobar o seu orzamento, por importe de 5.471,40 €, que se fará efectivo contra os créditos do exercizo económico 2016.

Segundo: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a realización do proxecto "BRINCADEIRA 2016", sendo executado por Arenaria Coordinación S.L e aprobar o seu orzamento, por importe de 5.471,40 €, que se fará efectivo contra os créditos do exercizo económico 2016.

Segundo: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

35.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DA II EDICIÓN DO CERTAME POÉTICO ROSALÍA DE CASTRO E DAS SÚAS BASES REGULADORAS.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de decembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O Pleno da Corporación Municipal de Padrón, na sesión extraordinaria celebrada o 16 de febreiro do 2015, aprobou a creación do Certame Poético Rosalía de Castro no Concello de Padrón que se convocará anualmente e estará dotado cun premio en metálico de 1.500,00 euros brutos que será entregado ao gañador ou gañadora o 17 de maio, ou na data máis próxima posible a esta, con motivo da

celebración do Día das Letras Galegas e conmemoración da efeméride, por ser o 17 de maio de 1863 cando se publicou en Vigo *Cantares Gallegos*.

Segundo. En virtude do dito acordo plenario preténdese convocar a II Edición do Certame Poético Rosalía de Castro e aprobar as súas bases reguladoras coa intencionalidade de renderlle homenaxe á figura da poetisa e contribuír á difusión da súa figura e obra, así como da poesía e lingua galega, e por elo a concelleira delegada dona Lorena Couso Dopazo, incoa o procedemento mediante proposta asinada o 10 de decembro do 2015.

Terceiro. A dita proposta é fiscalizada pola Interventora Municipal no seu informe de 14 de decembro do 2015, condicionando a súa fiscalización favorable á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 334/226.05 do orzamento do 2016.

Fundamentos de dereito.

Único: Considerando o disposto na base número 43 das de execución do orzamento municipal e no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro. Aprobar a convocatoria da II edición do Certame Poético Rosalía de Castro.

Segundo. Aprobar as bases reguladoras da II edición do Certame Poético Rosalía de Castro, que se transcriben a continuación:

"Primeira. Poderán optar ao premio todas as persoas de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas en lingua galega non premiadas noutros concursos.

Segunda. O premio é único e indivisible e estará dotado coa cantidade de 1500 euros, e un diploma acreditativo.

O Concello de Padrón resérvase o dereito de editar a obra gañadora.

Terceira. O tema das obras será de libre elección así como a forma poética escollida. As obras terán unha extensión mínima de 400 versos. A presentación será en papel, con tipo de letra Arial e tamaño 12.

Cada obra será presentada por quintuplicado, baixo o sistema de plica, polo que será enviada xunto cun sobre, en cuxo exterior conste: II Premio de Poesía Rosalía de Castro, o título da obra e o seu lema, así como o pseudónimo da persoa que sexa o autor ou autora da obra; no seu interior será incluída unha copia do documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico, un breve currículo e unha declaración de que a obra é inédita e non foi premiada, ata a data de presentación, en ningún outro certame ou premio.

Cuarta. O prazo de presentación comezará o 2 de xaneiro e rematará o 15 de febreiro de 2016.

Os traballos enviaranse ao Concello de Padrón, Rúa Longa nº 27, 15900 Padrón (A Coruña), indicando no sobre II Premio de Poesía Rosalía de Castro.

Quinta. O xurado estará presidido polo alcalde ou alcaldesa do Concello de Padrón e formarán parte del o concelleiro ou concelleira delegada de cultura, e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da poesía, literatura galega, comunicación e/ou eido cultural, que será nomeados por resolución do alcalde/sa do Concello de Padrón, actuando como secretaria a da corporación ou funcionario/a no/na que delegue.

Tamén integrarán o xurado un representante de cada grupo político, que será designado por cada unha das respectivas formacións no prazo e forma requiridos polo Concello.

Sexta. Os participantes terán a obriga de comunicarlle ao Concello de Padrón a concesión de calquera



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

A decisión do xurado terá lugar antes do 17 de maio do ano 2016 e será dada a coñecer a través do taboleiro de anuncios e da páxina web do Concello.

O premio será entregado no mes de maio.

A data e hora exactas da entrega serán acordadas entre o Concello de Padrón, a través da concellería de cultura, e o premiado ou premiada, se ben deberá coincidir, de non ser o mesmo 17 de maio, nunha data próxima ao dito día.

Sétima. Non se devolverán as obras presentadas e non premiadas, e a partir do día seguinte ao da decisión do xurado, serán destruídas.

Oitava. A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases."

Terceiro. Que se aprobe o gasto que comportará a concesión do premio de referencia con cargo á aplicación orzamentaria 334/226.05 do orzamento do 2016 por importe bruto de 1.500,00 €.

Cuarto. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar a convocatoria da II edición do Certame Poético Rosalía de Castro.

Segundo. Aprobar as bases reguladoras da II edición do Certame Poético Rosalía de Castro, que se transcriben a continuación:

"Primeira. Poderán optar ao premio todas as persoas de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas en lingua galega non premiadas noutros concursos.

Segunda. O premio é único e indivisible e estará dotado coa cantidade de 1500 euros, e un diploma acreditativo.

O Concello de Padrón resérvase o dereito de editar a obra gañadora.

Terceira. O tema das obras será de libre elección así como a forma poética escollida. As obras terán unha extensión mínima de 400 versos. A presentación será en papel, con tipo de letra Arial e tamaño 12.

Cada obra será presentada por quintuplicado, baixo o sistema de plica, polo que será enviada xunto cun sobre, en cuxo exterior conste: Il Premio de Poesía Rosalía de Castro, o título da obra e o seu lema, así como o pseudónimo da persoa que sexa o autor ou autora da obra; no seu interior será incluída unha copia do documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico, un breve currículo e unha declaración de que a obra é inédita e non foi premiada, ata a data de presentación, en ningún outro certame ou premio.

Cuarta. O prazo de presentación comezará o 2 de xaneiro e rematará o 15 de febreiro de 2016.

Os traballos enviaranse ao Concello de Padrón, Rúa Longa nº 27, 15900 Padrón (A Coruña), indicando no sobre *II Premio de Poesía Rosalía de Castro*.

Quinta. O xurado estará presidido polo alcalde ou alcaldesa do Concello de Padrón e formarán parte del o concelleiro ou concelleira delegada de cultura, e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da poesía, literatura galega, comunicación e/ou eido cultural, que será nomeados por resolución do alcalde/sa do Concello de Padrón, actuando como secretaria a da corporación ou funcionario/a no/na que delegue.

Tamén integrarán o xurado un representante de cada grupo político, que será designado por cada unha das respectivas formacións no prazo e forma requiridos polo Concello.

Sexta. Os participantes terán a obriga de comunicarlle ao Concello de Padrón a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

A decisión do xurado terá lugar antes do 17 de maio do ano 2016 e será dada a coñecer a través do taboleiro de anuncios e da páxina web do Concello.

O premio será entregado no mes de maio.

A data e hora exactas da entrega serán acordadas entre o Concello de Padrón, a través da concellería de cultura, e o premiado ou premiada, se ben deberá coincidir, de non ser o mesmo 17 de maio, nunha data próxima ao dito día.

Sétima. Non se devolverán as obras presentadas e non premiadas, e a partir do día seguinte ao da decisión do xurado, serán destruídas.

Oitava. A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases."

Terceiro. Que se aprobe o gasto que comportará a concesión do premio de referencia con cargo á aplicación orzamentaria 334/226.05 do orzamento do 2016 por importe bruto de 1.500,00 €.

Cuarto. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

36.- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO PARA MAIORES.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de decembro de 2015:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Vista a proposta presentada pola Concelleira da Terceira Idade do Concello de Padrón, dona Lorena Couso Dopazo, en data 6 de decembro de 2015, para a realización durante o período de xaneiro a maio de 2016 do "Programa de envellecemento activo para maiores", consistente na realización dun taller de Musicoterapia-risoterapia no centro social de Padrón, un taller de estimulación cognitiva-memoria no centro social de Padrón, centro sociocultural de Carcacia, e no local da escola unitaria de Angueira de Suso, Esclavitude.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Fundamentos de dereito.

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta presentada pola Concelleira de Terceira Idade en data 6 de decembro de 2015, para a realización durante o período de xaneiro a maio do 2016 do "Programa de envellecemento activo para maiores", cun orzamento total de 3.256,04 €, desgrosados da seguinte maneira:

- Taller de musicoterapia-risoterapia no centro social de Padrón, cun orzamento de 1.413,30 €.
- Taller de estimulación cognitiva-memoria no centro social de Padrón, Carcacia e Angueira, cun orzamento de 1.842,74 €.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ós interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta presentada pola Concelleira de Terceira Idade en data 6 de decembro de 2015, para a realización durante o período de xaneiro a maio do 2016 do "Programa de envellecemento activo para maiores", cun orzamento total de 3.256,04 €, desgrosados da seguinte maneira:

- Taller de musicoterapia-risoterapia no centro social de Padrón, cun orzamento de 1.413,30 €.
- Taller de estimulación cognitiva-memoria no centro social de Padrón, Carcacia e Angueira, cun orzamento de 1.842,74 €.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ós interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

37.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 3-FINAL DA OBRA "REMODELACIÓN RÚA ENLACE PARQUE (PADRÓN) E OUTROS" (POS 2014).

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de decembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. O 30/10/2013 ten entrada no rexistro municipal unha Circular da Deputación Provincial da Coruña na que se comunica a este Concello a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos (POS) 2014 e que a cantidade asignada ao mesmo é de 213.275,60 €. Indícase como novidade que a tramitación deste plan será totalmente telemática a través da plataforma dispoñible na páxina web da Deputación.

Segundo. O 02/12/2013 Estudio Técnico Gallego, SA, presenta no rexistro municipal 3 exemplares en papel do proxecto técnico dunha das obras a incluír neste plan e as súas correspondentes actas de implantación:

"Remodelación rúa Enlace Parque (Padrón) e outro", asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez, número de colexiado 3.871.

Terceiro. Por providencia do Alcalde de 11/12/2013 solicítase ao arquitecto técnico que presta servizos neste Concello, don Jesús Baliña de Jesús, informe sobre si o proxecto técnico desta obra inclúe o contido mínimo esixido legalmente e si cumpre a normativa en materia de impacto ambiental, si a obra cumpre a normativa urbanística e o planeamento municipal, si precisa estudo xeotécnico e informe previo da Oficina de Supervisión de Proxectos, as autorizacións administrativas necesarias, a dispoñibilidade dos terreos e a consideración da mesma como unha unidade funcional.

Cuarto. O 16/12/2013 emítese o anterior informe e no mesmo conclúese que o proxecto técnico citado inclúe dúas actuacións: a remodelación da rúa Enlace Parque e o retranqueo e reposición do muro en A Retén. Sobre a primeira informa que o proxecto respecta o contido mínimo esixido no TRLCSP, que cumpre a lexislación urbanística e o planeamento municipal, así como a normativa en materia de impacto ambiental, que non precisa estudo xeotécnico nin informe previo da Oficina de Supervisión de Proxectos, que se dispón dos terreos necesarios para a súa execución, que se trata dunha unidade funcional e que precisa autorización previa da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Sobre a segunda conclúe o mesmo agás no referente ás autorizacións sectoriais dado que esta non precisa de ningunha, e do referente á dispoñibilidade dos terreos, dado que precisará da cesión por parte de dous propietarios dos terreos precisos para elo.

Quinto. O Pleno da Corporación municipal, na sesión celebrada o 26/12/2013 aproba o POS 2014 coa inclusión desta obra por importe de 69.933,72 € financiados na súa totalidade pola Deputación Provincial e ao día seguinte remítese toda a documentación esixida nas bases reguladoras ao Servizo Provincial de Xestión de Plans.

Sexto. O 10/01/2014 ten entrada no rexistro municipal a notificación da Resolución do 27/12/2013 do director xeral de Patrimonio Cultural no que se acorda autorizar estas obras.

Sétimo. O 19/02/2014 a Deputación Provincial require a este Concello para que subsane as seguintes deficiencias detectadas na documentación presentada: débese achegar a autorización de Patrimonio para a obra de Remodelación da rúa Enlace Parque e deberá acreditarse a dispoñibilidade dos terreos para a execución da obra de retranqueo e reposición do muro en A Retén mediante certificación do secretario do Concello.

Oitavo. O 4/03/2014 súbese á plataforma do plan provincial a autorización concedida de Patrimonio e o 07/04/2014 a Deputación Provincial comunica a aprobación do POS 2014 coa inclusión desta obra pero condicionada a que se acredite a dispoñibilidade dos terreos.

Noveno. Tramitado o expediente de adquisición gratuíta dos terreos necesarios para o retranqueo do camiño en A Retén que se concretaba en dúas fincas, resultou imposible a cesión dunha delas por estar gravada por un préstamo hipotecario e non consentir dita cesión o banco acredor. De aí que por Resolución do Alcalde 155/2014, do 12 de marzo, se acepten só os 24 metros cadrados cedidos por María Rosa Castro Lorenzo, José Manuel Cajaraville Castro e María Rosa Cajaraville Castro.

Esta cesión elévase a escritura pública o 10/03/2014, número de protocolo 197, e inscríbese no Rexistro da Propiedade o 18/07/2014.

Décimo. Visto que finalmente unha das propiedades afectadas non pode ser obxecto de cesión, o 18/06/2014 o técnico redactor do proxecto presenta o modificado do mesmo consistente en excluír a parte correspondente a esta finca sen que elo modifique o importe final dado que as cantidades sobrantes empréganse en ampliar a pavimentación do camiño. Achégase igualmente a acta de implantación deste modificado.

Décimo primeiro. Pro providencia do Alcalde do 18/06/2014 solicítase informe ao técnico Jesús Baliña de



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Jesús sobre as causas que motivan esta modificación, que resulta emitido o mesmo día.

Décimo segundo. Na sesión do 26/06/2014 o Pleno da Corporación Municipal aproba este modificado do proxecto técnico, o 27 a secretaria municipal certifica que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras descritas no proxecto técnico modificado e o 11 de xullo o técnico emite informe complementario sobre que o proxecto modificado non afecta ás obras de remodelación da rúa Enlace Parque, polo que as obras contan coas autorizacións sectoriais necesarias e que tampouco é preciso o informe de supervisión de proxectos.

Décimo terceiro. Entre o 9 e o 14 de xullo súbese á plataforma provincial a documentación da modificación do proxecto e o 29 de agosto recíbese a notificación do acordo do Pleno Provincial do 30 de xullo polo que se aproba a modificación e definitivamente a obra ao entender cumprida a condición sobre a dispoñibilidade dos terreos.

Décimo cuarto. O 22 de setembro solicítase á Deputación unha prórroga do prazo para adxudicar o contrato da obra dado que este remataría o 01 de outubro do 2014, e o 3 de outubro notificase a Resolución do Presidente provincial do 29 de setembro pola que se concede a prórroga solicitada ata o 30/06/2015.

Décimo quinto. Por Resolución do Alcalde número 100/2015, do 9 de febreiro, incóase o expediente de contratación e solicítase á interventora municipal certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa.

Décimo sexto. O mesmo día 9 emítese o certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente e incorpórase ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares.

Décimo sétimo. En data 10 de febreiro emítese o informe da secretaria municipal en sentido favorable ao expediente de contratación de referencia.

Décimo oitavo. Na mesma data, 10/02/2015, emítese o informe de fiscalización da interventora municipal en sentido favorable.

Décimo noveno. Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión realizada o 12/02/2015, aprobouse o expediente administrativo de contratación da obra "Remodelación Rúa Enlace Parque (Padrón) e outro", por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

Vixésimo. O 19/02/2015 remitíronse catro invitacións a outras tantas empresas para participar no procedemento, a saber:

- CONSTRUCCIONES JOSÉ ANTONIO REY GONZÁLEZ
- NEMESIO ORDOÑEZ, SA
- TARRÍO Y SUÁREZ, SL
- EXCAVACIONES DARIO, SL

Vixésimo primeiro. Transcorrido o prazo de 8 días naturais outorgado para a presentación das ofertas, as catro empresas invitadas presentan a súa oferta en prazo.

Vixésimo segundo. O 6/03/2015 procédese á apertura dos Sobres A e acórdase declarar admitidas ás 4 empresas licitadoras, e seguidamente procédese á apertura dos Sobres B que conteñen as referencias técnicas, polo que se solicita informe sobre as mesmas ao arquitecto técnico que presta servizos neste Concello, don Jesús Baliña de Jesús, que o emite o 9 de marzo.

Vixésimo terceiro. O 9/3/2015 procédese á apertura dos Sobres C e, trala valoración oportuna do conxunto das ofertas, ábrese unha rolda de negociación cos licitadores participantes. Para elo, o 11 de marzo remíteselles información sobre as valoracións outorgadas e invitación para mellorar a presentada por cada

un no prazo máximo de tres días naturais.

Vixésimo cuarto. Transcorrido o prazo anterior ningún dos licitadores presenta mellora da súa oferta, tal e como certifica a secretaria municipal, polo que o 13/04/2015 requírese á empresa que obtivo a mellor puntuación, Tarrío y Suárez, SL, para que, no prazo improrrogable de dez días hábiles, presente a seguinte documentación:

- a) Documentación relacionada na cláusula 12.1 do PCAP, dado que o licitador presentou a declaración responsable á que se refire o artigo 146.4 do TRLCSP e o Anexo V do PCAP
- b) Certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Padrón, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Administración do Estado, así como ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- c) Constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación (IVE excluído), por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP (2.880,17 €)
- d) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adicar ou adscribir á execución do contrato.

Vixésimo quinto. O 22/04/2015 o adxudicatario proposto presenta a devandita documentación, dentro do prazo outorgado para elo, incorpórase á mesma o certificado expedido o 24 de abril de que non ten débedas co Concello de Padrón e o 5 de maio o arquitecto técnico Jesús Baliña de Jesús emite informe sobre a suficiencia e correcta acreditación da dispoñibilidade dos medios técnicos que se comprometeu a adscribir á execución desta obra.

Vixésimo sexto. Por acordo da Xunta de Goberno Local de 7/05/2015 apróbase:

- declarar admitidos no procedemento a tódolos licitadores participantes
- puntuar aos ditos licitadores participantes segundo as fórmulas e criterios recollidos na cláusula 12.2 e 3 e o Anexo IV do PCAP que rexeron a contratación
- adxudicar o contrao a Tarrío y Suárez, SL, por un prezo de 69.700,00 € (IVE engadido) e un prazo de execución de 180 días naturais.
- Citar ao representante da empresa adxudicataria para a sinatura do documento administrativo o 8/05/2015
- nomear director facultativo e coordinador da seguridade e saúde na obra ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, Julio César Rojo Martínez
- designar á empresa EUROCONSULT, SA, para realizar o control de calidade externo a costa do contratista.

O dito acordo é notificado a tódolos interesados e publicado no Perfil do Contratante o 11/05/2015.

Vixésimo sétimo. En data 8/05/2015 formalízase o contrato en documento administrativo.

Vixésimo oitavo. Na mesma data, 8/5/2015, o contratista adxudicatario achega o plan de seguridade e saúde da obra; o plan de residuos; o programa de traballo e a relación de subcontratistas e subministradores.

Vixésimo noveno. Na mesma data, 8/5/2015, o director facultativo da obra e coordinador en materia de seguridade e saúde da mesma, don Julio C. Rojo Martínez, asina os informes favorables ao plan de seguridade e saúde, ao plan de residuos, e ao programa de traballo, sendo aprobados por Resolucións do Alcalde número 373, 374 e 372, de 11 e 8 de maio, respectivamente.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Trixésimo. En data 13/05/2015 asínase a acta de comprobación do replanteo polo representante do Concello, o director de obra, o representante do contratista e o técnico provincial designado. Na dita acta faise constar aque se comproba a viabilidade das obras sobre os terreos nos que se executarán as diversas unidades de obra que configuran a infraestrutura, obxecto do contrato; que os terreos necesarios para a execución das obras están dispoñibles e que non existindo reserva nin observación algunha polo representante da empresa adxudicataria, o director de obra entende que o resultado da comprobación do replanteo é positivo e, polo tanto, autoriza o inicio dos traballos ao seguinte día hábil da firma da dita acta, comezando a contar dende ese momento o prazo de execución da obra.

Trixésimo primeiro. En data 8/7/2015, con NRE 6122, a empresa contratista presenta 6 exemplares da certificación número 1- parcial da obra de referencia, por importe de 31.379,41 € e fotografías do cartel da obra e do cartel no seu contorno, así como da execución da obra realizada ata ese momento, dilixenciadas coa sinatura da dirección facultativa.

Trixésimo segundo. En data 14/07/2015 rexístrase de entrada no rexistro municipal a factura número 127 presentada polo contratista na plataforma electrónica FACe, con data de expedición 02/07/2015, por importe de 31.379,41 €, e en concepto da certificación primeira-parcial da obra de referencia.

Trixésimo terceiro. Na mesma data, 14/07/2015, emítese o preceptivo informe da interventora municipal.

Trixésimo cuarto. Por acordo da Xunta de Goberno Local de 17/07/2015 apróbase a certificación de obra primeira parcial, que é xustificada á Deputación Provincial da Coruña e abonada ao contratista o 31/07/2015.

Trixésimo quinto. En data 04/08/2015, con NRE 6840, o contratista achega a certificación de obra número 2- parcial, por importe de 24.792,34 €, téndose recepcionado no rexistro xeral de documentos administrativos o día anterior, 03/08/2015, copia da factura presentada telemáticamente na plataforma FACe, polo mesmo importe e de data de expedición, 31/07/2015.

Trixésimo sexto. En data 24/08/2015 emítese o informe do interventor accidental á dita certificación de obra, que resulta aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 27/08/2015, sendo xustificada á Deputación Provincial e abonada ao contratista o 15/09/2015.

Trixésimo sétimo. Tendo en conta que o prazo de xustificación da execución da obra de referencia remataba o 31/10/2015, en data 15/10/2015 solicitouse prórroga ao organismo provincial, a cal resultou concedida ata o 30/06/2016.

Trixésimo oitavo. En data 13/11/2015, con NRE 9707, o contratista adxudicatario achega 6 exemplares da certificación de obra número 3- final, por importe de 13.528,25 €.

Trixésimo noveno. Considerando que a documentación achegada está incompleta, en data 16/11/2015 requíreselle para que achegue a dita documentación complementaria:

- fotografías do cartel de obra e do cartel de obra sito no seu contorno debidamente dilixenciadas coa sinatura do director facultativo da obra e coa data da súa realización, por triplicado exemplar
- reportaxe fotográfica do inicio, execución e finalización das obras, tamén dilixenciadas coa sinatura do director facultativo da obra e coa data da súa realización, por triplicado exemplar.
- Informe final do resultado do control de calidade externo da obra realizado pola empresa Euroconsult, SA, en cumprimento do disposto na cláusula cuarta do contrato asinado o 08/05/2015
- factura telemática presentada na plataforma FACE

Cuadraxésimo. En data 17/11/2015, mediante correo electrónico, solicítase á Deputación Provincial da Coruña a asistencia dun técnico ao acto de recepción da obra de referencia, previsto para o 25/11/2015.

Cuadraxésimo primeiro. En data 19/11/2015, con NRE 9883, rexístrase no rexistro municipal a factura electrónica presentada na plataforma FACe da empresa Tarrío y Suárez, SL, en relación coa certificación de obra de referencia por importe de 13.528,25 € e data de expedición o 10/11/2015.

Cuadraxésimo segundo. En data 25/11/2015 recíbese por correo electrónico comunicación da Deputación Provincial da Coruña da non asistencia dun técnico provincial ao acto de recepción da obra de referencia.

Cuadraxésimo terceiro. En data 25/11/2015 asínase a acta de recepción entre o representante de obras municipal, o director facultativo da obra de referencia e o representante da empresa contratista, sen que da mesma se desprende inconvincente algún para proceder á recepción da obra.

Cuadraxésimo cuarto. En data 4/12/2015, con NRE 10466, recíbese a comunicación da Deputación Provincial da Coruña da non asistencia dun técnico provincial ao acto de recepción que tiña sido adiantada por correo electrónico.

Cuadraxésimo quinto. Na mesma data, 4/12/2015, con NRE 10494, a empresa contratista achega a documentación requirida o 16/11/2015, agás o informe final do resultado do control de calidade externo da obra realizado pola empresa Euroconsult, SA.

Cuadraxésimo sexto. O control de calidade externo é presentado en data 14/12/2015 con NRE 10700.

Cuadraxésimo sétimo. Na mesma data, 14/12/2015, emítese o preceptivo informe da interventora municipal.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que a competencia para aprobar as certificacións de obra e as facturas de calquera contía está delegada na Xunta de Goberno Local a teor do disposto no artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 153.2/619.14 do orzamento vixente para o recoñecemento da correspondente obriga.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a certificación número 3-final da obra "Remodelación da Rúa Enlace Parque (Padrón) e outro" (POS 2014), expedida polo director facultativo da obra, o enxeñeiro de camiños, canles e portes, Julio C. Rojo Martínez, en data 10/11/2015 por importe total de 13.528,25 euros (IVE do 21% engadido).

Segundo. Aprobar a factura número 2015 230, de data 10/11/2015, da empresa Tarrío y Suárez, SL, por importe de 13.528,25 €, recoñecendo a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 153.2/619.14 do orzamento vixente prorrogado para o 2015.

Terceiro. Ordenar o pago da factura de referencia.

Cuarto. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadrón.es

www.concellodepadrón.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Primeiro: Aprobar a certificación número 3-final da obra "Remodelación da Rúa Enlace Parque (Padrón) e outro" (POS 2014), expedida polo director facultativo da obra, o enxeñeiro de camiños, canles e portes, Julio C. Rojo Martínez, en data 10/11/2015 por importe total de 13.528,25 euros (IVE do 21% engadido).

Segundo. Aprobar a factura número 2015 230, de data 10/11/2015, da empresa Tarrío y Suárez, SL, por importe de 13.528,25 €, recoñecendo a correspondente obriga con cargo á aplicación orzamentaria 153.2/619.14 do orzamento vixente prorrogado para o 2015.

Terceiro. Ordenar o pago da factura de referencia.

Cuarto. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quinto. Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.

38.- ASISTENCIA DOS CORPORATIVOS ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN CELEBRADAS DURANTE OS MESES DE XULLO A OUTUBRO DO 2015.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de decembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 10/07/2007 polo que se establece o seguinte réxime de indemnizacións aos Coporativos:

- a) Pola asistencias ás sesións do Pleno: 60,10 €/ sesión
- b) Polas asistencias ás sesións da Comisión de Goberno: 60,10 €/ sesión
- c) Polas asistencias ás sesións das Comisións Informativas: 30,05 €/ sesión

(...)

Segundo. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 13/06/2015 polo que se constitúe a Corporación Municipal de Padrón, toman posesión os concelleiros e concelleiras electos e elíxese e toma posesión o Alcalde do Concello de Padrón.

Terceiro. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 2/7/2015 polo que se adoptan os seguintes acordos:

1. Apróbase o día e a hora de realización das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal
2. Apróbase o número e denominación das comisións informativas permanentes
3. Noméase aos representantes do Concello de Padrón en órganos colexiados
4. Recoñécese dedicación exclusiva e parcial a diversos cargos
5. Dase conta da constitución dos grupos políticos
6. Dase conta do nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local
7. Dase conta do nomeamento dos Tenentes de Alcalde

8. Dase conta dos acordos do Alcalde de delegación de competencias nos concelleiros e concelleiras.

Cuarto. Actas das sesións dos órganos colexiados da Corporación celebradas durante os meses de xullo a outubro do 2015.

Quinto. Providencia do Alcalde de 14/12/2015 pola que se somete á fiscalización da Intervención a proposta de asistencias a abonar aos Corporativos asistentes ás sesións dos órganos colexiados da Corporación celebradas durante os meses de xullo a outubro do 2015.

Sexto. Informe da Intervención municipal de 15/12/2015.

Fundamentos de dereito:

Primeiro: Considerando o establecido nos artigos 75.3 da LBRL, 49 e 125 do ROF.

Segundo. Considerando que o Pleno da Corporación Municipal de Padrón, na sesión celebrada o 02/07/2015 acordou que tódolos concelleiros integrantes do grupo mixto poderán participar en todas as comisións informativas que se celebren, se lles cursará convocatoria e terán voz e voto nas mesmas, debendo considerarse só o voto ponderado a efectos de formacións que constitúan grupo político propio por acadar un mínimo de dous concelleiros.

Terceiro. Considerando o disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aproba-lo gasto das asistencias dos membros da Corporación ás sesións dos órganos colexiados celebradas durante os meses de xullo a outubro de 2015, que a continuación se relacionan, por importe total bruto de 2.764,60 €, procedéndose á retención das cotas do I.R.P.F. por importe de 456,81 €, resultando un importe total líquido a percibir de 2.307,79 €, e recoñecer as correspondentes obrigas con cargo á aplicación orzamentaria 912/233.00 do orzamento vixente para o 2015:

PLENOS

	02/07/15	30/07/15	24/09/15	IMPORTE BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Camilo Forján Seoane	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Alberto Piñeiro Otero	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Ángel Rodríguez Conde	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Francisco J. Guillán Iglesias	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Eloy Rodríguez Carbia	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Xoan A. Santaló Ríos	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	45,08 €	135,22 €
Teresa Rey Pazos	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Cesáreo González Pardal	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
TOTAIS	480,80 €	480,80 €	480,80 €	1.442,40 €	234,43 €	1.207,97 €

COMISIÓNS INFORMATIVAS

	27/07/15 A)	21/09/15 A)	16/07/15 B)	21/09/15 B)	03/07/15 C)	16/07/15 C)	27/07/15 C)	21/09/15 C)	TOTAL BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Eloy Rodríguez Carbia	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	240,40 €	36,06 €	204,34 €
Camilo Forján Seoane	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	240,40 €	36,06 €	204,34 €



Padrón

Concello de Padrón
 CIF P1506600D
 Rúa Longa, 27
 15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
 Tlf: 981 81 04 51
 Fax: 981 81 15 50

Ángel Rodríguez Conde	0,00 €	0,00 €	0,00 €	30,05 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	30,05 €	60,10 €	9,02 €	51,08 €
Francisco J. Guillán Iglesias	30,05 €	30,05 €	0,00 €	0,00 €	30,05 €	0,00 €	30,05 €	0,00 €	120,20 €	18,03 €	102,17 €
Xoan Santaló Ríos	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	240,40 €	60,10 €	180,30 €
Teresa Rey Pazos	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	240,40 €	36,06 €	204,34 €
Cesáreo González Pardal	30,05 €	30,05 €	30,05 €	0,00 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	0,00 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
TOTAIS	180,30 €	180,30 €	150,25 €	150,25 €	180,30 €	150,25 €	180,30 €	150,25 €	1.322,20 €	222,38 €	1.099,82 €

Segundo: Ordena-lo pago das devanditas asistencias ós interesados.

Terceiro: Notificar o presente acordo ós interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aproba-lo gasto das asistencias dos membros da Corporación ás sesións dos órganos colexiados celebradas durante os meses de xullo a outubro de 2015, que a continuación se relacionan, por importe total bruto de 2.764,60 €, procedéndose á retención das cotas do I.R.P.F. por importe de 456,81 €, resultando un importe total líquido a percibir de 2.307,79 €, e recoñecer as correspondentes obrigas con cargo á aplicación orzamentaria 912/233.00 do orzamento vixente para o 2015:

PLENOS

	02/07/15	30/07/15	24/09/15	IMPORTE BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Camilo Forján Seoane	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Alberto Piñeiro Otero	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Ángel Rodríguez Conde	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Francisco J. Guillán Iglesias	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Eloy Rodríguez Carbia	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Xoan A. Santaló Ríos	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	45,08 €	135,22 €
Teresa Rey Pazos	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Cesáreo González Pardal	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
TOTAIS	480,80 €	480,80 €	480,80 €	1.442,40 €	234,43 €	1.207,97 €

COMISIÓNS INFORMATIVAS

	27/07/15 A)	21/09/15 A)	16/07/15 B)	21/09/15 B)	03/07/15 C)	16/07/15 C)	27/07/15 C)	21/09/15 C)	TOTAL BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Eloy Rodríguez Carbia	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	240,40 €	36,06 €	204,34 €
Camilo Forján Seoane	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	240,40 €	36,06 €	204,34 €
Ángel Rodríguez Conde	0,00 €	0,00 €	0,00 €	30,05 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	30,05 €	60,10 €	9,02 €	51,08 €

Francisco J. Guillán Iglesias	30,05 €	30,05 €	0,00 €	0,00 €	30,05 €	0,00 €	30,05 €	0,00 €	120,20 €	18,03 €	102,17 €
Xoan Santaolá Ríos	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	240,40 €	60,10 €	180,30 €
Teresa Rey Pazos	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	240,40 €	36,06 €	204,34 €
Cesáreo González Pardal	30,05 €	30,05 €	30,05 €	0,00 €	30,05 €	30,05 €	30,05 €	0,00 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
TOTAIS	180,30 €	180,30 €	150,25 €	150,25 €	180,30 €	150,25 €	180,30 €	150,25 €	1.322,20 €	222,38 €	1.099,82 €

Segundo: Ordena-lo pago das devanditas asistencias ós interesados.

Terceiro: Notificar o presente acordo ós interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente

39.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA Á ASOCIACIÓN DEPORTIVA TERRAS DE IRIA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 10 de decembro de 2015:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a proposta da Concelleira delegada de cultura de 02/09/2015 pola que se incoa o presente expediente ordenando a redacción das bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal no ámbito cultural, deportivo e de festexos populares no exercicio 2015, e solicita informe de fiscalización previa da Intervención Municipal.

Segundo: Visto o Informe do interventor accidental de 7/9/2015 de fiscalización das devanditas bases reguladoras.

Terceiro. Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 10/09/2015 de aprobación das amentadas bases reguladoras e de proceder á súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

Cuarto: Vistas as solicitudes presentadas polas Asociacións Municipais (18)

